

LA UNIVERSIDAD ESPAÑOLA HACIA EUROPA

F. MICHAVILA / B. CALVO
Madrid: Fundación Alfonso Martín Escudero. 2000
[287 páxinas]

Recibido: 18 maio 2000
Aceptado: 10 outubro 2000

"...el futuro no está escrito y se construye día a día.
Es preciso reflexionar y debatir sin prejuicios y sin
tabúes sobre nuestra institución universitaria" (p. 19).

Esta obra cómpre analizala á luz doutro texto publicado hai dous anos polos mesmos autores, xa que nela se recolle o testemuño que deixaban suxerido en *La Universidad española hoy*. Nel dábase unha visión polo miúdo da situación que atravesaba a nosa universidade a finais dos noventa e estamos seguros de que o seu contido seguirá sendo perfectamente aplicable ás institucións universitarias españolas de principios do século XXI. Pois ben, nesta ocasión Michavila e Calvo retoman a cuestión universitaria xusto no punto no que a deixaron e van máis alá, enmarcando á Universidade española no contexto europeo no cal cómpre que se integre. Unha vez máis, o título, *La Universidad española hacia Europa*, axústase perfectamente ós temas que os autores tratan ó longo do texto.

O libro segue unha estrutura sinxela e moi gráfica, e consta de tres partes. Nunha primeira, que responde ó título de *¿De dónde partimos?*, resúmese a situación actual da Universidade española e da Universidade europea. Neste sentido, é envexable a enorme capacidade de síntese da que fan alarde Michavila e Calvo cando afirman que a LRU do 1983 representou un enorme esforzo que permitiu moderniza-la antiga Universidade española pero que, nestes momentos, esa reforma está "esgotada". Describen perfectamente os debates que se suscitaron en e sobre o contorno universitario nos últimos cinco anos.

Seguindo a lóxica argumental dos autores, a segunda parte deberíase titular *¿A dónde queremos llegar?*, xa que establece cáles son os retos que se lle presentan á Universidade para os próximos anos. Na obra trátase de agrupar estas metas en grandes áreas de actuación, diversificación, innovación, globalización e financiamento; sen embargo, esa clasificación vese dificultada polo feito de que todas elas están relacionadas entre si.

Por suposto, no terceiro capítulo apúntanse algunhas ideas de cómo alcanzar eses obxectivos. Este último capítulo abarca máis da metade do libro, o cal nos fai conscientes da magnitude dos cambios que se teñen que abordar non só desde as institucións universitarias senón desde tódolos ámbitos involucrados, directa ou indirectamente, na educación superior, isto é, estudantes, administracións públicas

e sociedade en xeral. Por último, para que o lector comprometido non se vexa desbordado pola cantidade de “tarefas pendentes” que cómpre levar a cabo, os autores establecen un epígrafe no que sintetizan as propostas realizadas ó longo do terceiro capítulo.

Aínda que a vinculación desta obra coa publicada dous anos antes polos mesmos autores é inmediata, apreciamos un lixeiro cambio de enfoque. Así, a linguaxe empregada por Michavila e Calvo nesta ocasión é moito máis técnica, ó igual que algúns dos temas que tratan e dos que da súa importancia só se é consciente en determinados niveis. Por iso, cremos que *La Universidad española hacia Europa* vai dirixida, fundamentalmente, a aquelas persoas directamente responsables da xestión universitaria.

Nalgún dos seus parágrafos, os autores afirman que renunciaron “*intencionalmente... al recurso, que consideramos poco comprometido, de aportar gráficos, histogramas y estadísticas para justificar opiniones*”. Aínda que o compromiso claro e persoal dos autores, non sempre fácil de atopar cando se escribe sobre temas tan polémicos, é de agradecer, ás veces botamos en falta a achega de máis datos cuantitativos apoiando as súas opinións, e non porque consideremos que estas non están suficientemente argumentadas senón porque o feito de engadir determinadas cifras serviría para concienciarnos a todos da amplitude e rapidez dos cambios que se están vivindo no ámbito universitario.

Na mesma liña, o financiamento da educación superior parece ocupar un papel secundario no texto, o cal non se corresponde coa realidade. Cómpre non esquecer que a solución a calquera problema que se presente no ámbito universitario terá, case sempre, unha traducción orzamentaria.

Queremos finalizar esta recensión facendo referencia á cita coa que comezamos. Como o futuro non está escrito e ten que construírse diariamente, son necesarias máis obras como a que estamos presentando, isto é, textos que non se limitan a resumir-la situación actual senón que, ademais, ofrecen ideas para cimentar ese futuro. Son estes libros os que nos permiten crear unha Universidade aberta, fuxindo daquela que estaba reservada para unha elite social. Todo isto xustifica que fora galardoado no 1999 co Premio Alfonso Martín Escudero.

BIBLIOGRAFÍA

- GINER DE LOS RÍOS, F.; AZCÁRATE, G.; SALMERÓN, N. (1967): *La cuestión universitaria*. 1ª ed. Madrid: Tecnos.
- MICHAVILA, F.; CALVO, B. (1998): *La universidad española hoy*. 1ª ed. Madrid: Síntesis.

SARA FERNÁNDEZ LÓPEZ / ALFONSO RODRÍGUEZ SANDIÁS
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela